



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Lingüística	Código	652G04004	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Alvarez Caccamo, Celso Maria	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es	
Profesorado	Alonso Ramos, Margarita	Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es	
	Alvarez Caccamo, Celso Maria		celso.alvarez.caccamo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución ao estudo da linguaxe, das linguas e da comunicación a meio delas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.	A3	B1 B2 B4	
Capacidade de análise e síntese.		B7	
Traballar autonomamente.		B21 B22	
Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.		B8	
Traballar de forma colaborativa e en equipa.		B23 B24	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A Lingüística e o seu obxecto.	1.1. Alcance e obxectos da Lingüística. 1.2. Disciplinas e subdisciplinas que inclue. 1.3. A aplicación da Lingüística a ámbitos sociais.
2. A linguaxe e a comunicación.	2.1. A comunicación, a información e a súa interpretación. 2.2. A orixe da linguaxe. 2.3. Características da linguaxe humana. Comunicación animal e humana. 2.4. Os canais da comunicación oral, visual e táctil. A escrita.
3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Relacións entre linguaxe e pensamento. 3.2. Localización da facultade lingüística no cerebro. 3.3. Trastornos da linguaxe. 3.4. Adquisición dunha primeira e dunha segunda lingua.



4. Os sons das linguas.	<p>4.1 A produción do son.</p> <p>4.2. Clases de sons: vogais e consoantes.</p> <p>4.3. A transcrición fonética.</p> <p>4.4. Fonema, fone e alofone. Os sistemas fonolóxicos.</p> <p>4.5. Os elementos suprasegmentais.</p> <p>4.6. A sílaba.</p>
5. Da palabra ao discurso.	<p>5.1. As unidades mínimas significativas: os morfemas.</p> <p>5.2. Morfemas, morfes e alomorfes. Tipos de morfemas.</p> <p>5.3. A palabra. Formación de palabras nas linguas.</p> <p>5.4. A morfoloxía das diversas linguas.</p> <p>5.5. Clases de palabras e categorías gramaticais.</p> <p>5.6. A oración: simple e composta.</p> <p>5.7. Os sintagmas (ou frases).</p> <p>5.8. As relacións sintácticas.</p>
6. O significado.	<p>6.1. Definición do significado: sentido e referencia.</p> <p>6.2. Fenómenos semánticos.</p> <p>6.3. Proposición. Predicado e argumentos.</p> <p>6.4. Significado literal e significado implícito.</p> <p>6.5. A cooperación na conversa.</p> <p>6.6. Actos de fala e os seus tipos.</p> <p>6.7. A cortesía como estratexia verbal.</p> <p>6.8. A deixis e os seus tipos.</p>
7. A diversidade lingüística.	<p>7.1. Introducción ás familias lingüísticas.</p> <p>7.2. Lingua padrón e variedades.</p> <p>7.2. Variación xeográfica: os dialectos.</p> <p>7.3. Variación social: sociolectos e rexistros.</p> <p>7.3. As comunidades lingüísticas.</p> <p>7.4. Contacto de linguas e bilingüismo.</p> <p>7.5. A planificación lingüística.</p>
8. Aplicacións da Linguística.	<p>8.1. Elaboración de dicionarios e gramáticas.</p> <p>8.2. O ensino das linguas.</p> <p>8.3. Tradución e interpretación.</p> <p>8.4. Lingüística computacional.</p> <p>8.5. Lingüística clínica.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A3 B2 B7 C1	3	30	33
Sesión maxistral	A3 B4 B8	22	22	44
Lecturas	A3 B1 B4 B22	0	33	33
Obradoiro	A3 B1 B2 B4 B7 B8 B21 B22 B23 B24 C1	18	18	36
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Proba escrita final.



Sesión maxistral	Explicación dos conceptos fundamentais e clarificación das dúbidas principais.
Lecturas	Lectura, e, no seu caso, síntese e/ou comentario, de material obrigatorio.
Obradoiro	Diversas metodoloxías e probas nas aulas (exposicións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) e tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, con supervisión do profesorado e resolución de dúbidas específicas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Farase un seguimento nas aulas interactivas das actividades realizadas.
Obradoiro	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A3 B2 B7 C1	Unha proba escrita final, cuxos contidos serán o temario, as lecturas e os outros materiais utilizados nas aulas.	50
Sesión maxistral	A3 B4 B8	Avaliarase a asistencia e participación.	10
Obradoiro	A3 B1 B2 B4 B7 B8 B21 B22 B23 B24 C1	Avaliarase a asistencia e participación activa, e os resultados das diversas prácticas e actividades, que serán apresentadas e/ou desenvolvidas nas aulas interactivas.	40

Observacións avaliación



Observacións:

1. PRIMEIRA OPORTUNIDADE (EN XANEIRO):

- 1.1. O Obradoiro incluí a realización de 1 actividade avaliábel (en principio individual; poderá ofrecerse a opción a facela en parellas a discreción do profesorado), e unha serie de tarefas de seguimento das leituras e outros traballos prácticos durante o curso, tanto nas sesións de aulas como fora.
- 1.2. O alumnado repetidor que non asista ás aulas, e o alumnado que teña unha dispensa académica oficial, recibirá un 55,55% da súa cualificación pola realización da Proba mixta, e 44,45% polo apartado de Obradoiro, incluíndo tanto a Actividade avaliábel canto as outras tarefas do curso.
- 1.3. O alumnado repetidor que non poda asistir ás aulas, ou que teña dispensa oficial, deberá comunicalo ao profesorado da materia durante as dúas primeiras semanas do curso. De non facelo así, poderá aplicárselle o mesmo reparto porcentual que ao resto do estudiantado (50% + 10% + 40%).
- 1.4. Para superar a materia na primeira oportunidade, é preciso ter polo menos un 4 en cada un dos apartados Proba mixta e Obradoiro.
- 1.5. Para superar a proba mixta (exame final), é necesario un certo equilibrio de notas entre os diversos temas e partes do programa. Nomeadamente, para aprobar deberá obterse polo menos un 3 en todas as preguntas menos unha. Sen ese equilibrio, a media aritmética, se igual ou superior a 5, non poderá ser considerada, e será substituída por un 4,5 (suspense) indicativo da necesidade de repetir a proba obxectiva inteiramente.
- 1.6. Para superar o apartado do Obradoiro no seu conxunto, é necesario obter polo menos un 5 na Actividade.
- 1.7. En caso de non poder aprobar por non ter obtido polo menos un 4 en cada un dos apartados Proba obxectiva e Obradoiro, nas Actas figurará como nota ou ben a media aritmética se é inferior a 4,5, ou 4,5 se a media fose superior. Porém, esta nota de 4,5 é inamovíbel, e é só indicativa de que se debe repetir algún dos apartados (ou os dous).
- 1.8. Porén, os profesores poderá flexibilizar en sentido positivo estes requerimentos de notas mínimas con carácter xeral (aplicábel a todo o alumnado) para favorecer unha avaliación máis global do desempeño.

2. SEGUNDA OPORTUNIDADE (EN XUÑO-XULLO):

- 2.1. Aplícanse os mesmos criterios de notas mínimas para cada apartado.
- 2.2. Repetirase a Proba mixta (exame final) no día oficial (ver datas definitivas na web da Facultade ou no taboleiro oficial). A Proba é indivisíbel; caso de ter que ser repetida, será inteiramente, e voltará a incluír todo o temario da primeira oportunidade.
- 2.3. Realizarase a Actividade suspensa (poderá ser diferente á realizada en xaneiro, aínda que cun formato semellante ou comparábel), e, no seu caso, as tarefas menores de seguimento do curso, a criterio dos profesores.
- 2.4. Para a oportunidade de xullo, manteráanse as notas dos apartados superados na primeira oportunidade. No caso das diversas actividades e tarefas, os profesores indicarán se se considera superado o apartado Obradoiro inteiro, ou se hai que repetir algunha actividade non satisfactoria (por exemplo, unha cunha nota de 3).
- 2.5. A asistencia, loxicamente, non se poderá recuperar na segunda oportunidade. Se o apartado da asistencia foi superado (mais do 50%, isto é, un 5), manterase a nota. Se non fose superado, axustaranse as porcentaxes para Proba mixta (55,55%) e Obradoiro (44,45%).

3. CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO. Para a convocatoria adiantada de decembro rexerán os mesmos criterios

que para a segunda oportunidade de xullo, excepto no correspondente aos apartados onde a asistencia é fundamental (Sesión maxistral), que non serán considerados. A distribución porcentual dos apartados será axustada da seguinte maneira: Obradoiro, 44,45%; Proba mixta, 55,55%.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO.

Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas/es estudantes que: (a) non se apreseten a ningunha das probas obxectivas (xaneiro e xullo) e que, ademais, (b) non entreguen a actividade avaliábel en nengunha das oportunidades. Isto é, a presentación da Actividade ou a asistencia á Proba obxectiva nalgunha das oportunidades implica necesariamente dar unha nota final.

5. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES. A copia ou plaxio de material alleo para calquer das actividades avaliábeis ou das tarefas, sen elaboración propia, e por calquer medio, acarreta automaticamente unha nota de cero (0), sen posibilidade de repetición da actividade nesa oportunidade. Durante o curso se poderán establecer procedementos adicionais específicos a cumprir canto á entrega, presentación e avaliación das actividades.

6. AVALIACIÓN DA PROBA MIXTA. A copia de respostas na proba a partir de materiais non autorizados, a partir das respostas doutro/a estudante, ou por meio de calquer outro procedemento ilexítimo, acarreta automaticamente unha nota de cero (0) en toda a proba, e a imposibilidade de continuar con ela nesa oportunidade.

7. As condutas irregulares e ilexítimas na realización das actividades, tarefas ou probas (plaxio, copia, falsificación, utilización de respostas ou

solucións doutros anos, etc.), alén das consecuencias que podan ter sobre a nota na materia -- dado o carácter patentemente inxusto de querer autofavorecerse ilicitamente e polo tanto de perxudicar as/os compañeiras/os -- poden estar suxeitas a penalización disciplinar do/a estudante infractor/a por parte da Universidade, o cal pode incluír a expulsión da mesma.



Fontes de información

Bibliografía básica

- Casado Fresnillo, Celia, e Escandell Vidal, M^a Victoria (2011). "El lenguaje y las lenguas". En: M^a Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 1-52. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED
 - Crystal, David (1994). "El lenguaje y otros sistemas de comunicación". En: Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge, pp. 396-403.. Madrid: Taurus
 - Escandell Vidal, M^a Victoria (2010). "La estructura de las palabras?". En: El lenguaje humano, pp. 137-169.. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED
 - Escandell Vidal, M^a Victoria, e Marrero Aguiar, Victoria (2011). "La Lingüística y sus fundamentos". En: Escandell Vidal, M^a Victoria (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 53-85. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED
 - Fromkin, Victoria, e Rodman, Robert (1993). "Da boca dos bebés: aquisição da língua pela criança". Em: Introdução à Linguagem, pp. 351-373. Coimbra: Livraria Almedina
 - Gutiérrez Rodríguez, Edita (2010). "La Sintaxis?". En: El lenguaje humano, pp. 171-206.. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED
 - Mariño, Xurxo (2018). "Y se hizo el lenguaje". En: El misterio de la mente simbólica, pp. 84-116.. Madrid: EL PAÍS
 - Marrero Aguiar, Victoria (2011). "Fonética y Fonología". En: M^a Victoria Escandell Vidal (coord.) e outros. Invitación a la lingüística, pp. 87-126. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED
 - Mateus, Maria Helena Mira, e Alina Villalva (2006). "Para que serve a Linguística?". En: O Essencial sobre Linguística, pp. 79-92.. Lisboa: Caminho
 - Simone, Raffaele (1993). "Propiedades fundamentales del lenguaje / "Abstracto" en lingüística". En: Fundamentos de Lingüística, pp. 18-22.. Barcelona: Ariel
 - Yule, George (2007). "Adquisición de la primera lengua". Em: El lenguaje, pp. 175-191.. Madrid: Akal
 - Yule, George (2007). "El desarrollo de la escritura". En: El lenguaje, pp. 29-37.. Madrid: Akal
 - Yule, George (2007). "El lenguaje y el cerebro". En: El lenguaje, pp. 161-174.. Madrid: Akal
 - Yule, George (2007). "La variación geográfica de las lenguas?". Em: El lenguaje, pp. 238-252.. Madrid: Akal
 - Yule, George (2007). "La variación social de las lenguas?". Em: El lenguaje, pp. 253- 266.. Madrid: Akal
 - Yule, George (2007). "Pragmática?". En: El lenguaje, pp. 132-145. Madrid: Akal
 - Yule, George (2007). "Semántica?". En: El lenguaje, pp. 118-131.. Madrid: Akal
- As leituras obrigatorias serán tomadas maioritariamente da listaxe anterior, mais pode haber algunha non incluída aí.

Bibliografía complementaria

- Bernárdez, Enrique (2000). ¿Qué son las lenguas? . Madrid: Alianza
- Cardona, Giorgio Raimondo (1991). Diccionario de lingüística. Barcelona: Ariel
- Comrie, Bernard, S. Matthews e M. Polinsky (eds.) (2001). O Atlas das Línguas: A Oríem e a Evolução das Línguas no Mundo. Lisboa: Editorial Estampa
- Crystal, David (1994). Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge. Madrid: Taurus
- Escandell Vidal, M^a Victoria (2005). La comunicación. Madrid: Gredos
- Hurford, James R., e Brendan Heasley (1983). Curso de Semántica. Madrid: Visor
- Mariño, Xurxo (2018). El misterio de la mente simbólica. Cerebro, lenguaje y evolución. Madrid. EL PAÍS
- Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). Elementos de Lingüística. Barcelona: Octaedro
- Martínez Celdrán, Eugenio (1995). Bases para el estudio del lenguaje . Barcelona: Octaedro
- Martínez Celdrán, Eugenio, et alii (1998). Lingüística. Teoría y aplicaciones. Barcelona: Masson
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2002). Curso universitario de Lingüística General. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general. Madrid: Síntesis
- Moreno-Torres Sánchez, Ignacio (2004). Lingüística para logopedas. Málaga: Ediciones Aljibe
- Ramallo, Fernando, et alii (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais
- Yule, George (2007). El lenguaje. Madrid: Akal
- Walter, Henriette (1996). A aventura das línguas do Ocidente. Lisboa: Terramar



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Lingüística clínica/652G04042 Sociolingüística/652G04044
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías